



## Avisos Varios

\*O próximo 23 de novembro de 2010 estará o equipo de renovación de DNI en Arzúa os interesados en renovalos este día deberan inscribirse o 8 de novembro no Concello de Arzúa telf.: 981 81 50 01.

Débase chamar a primeira hora da mañá xa que as prazas son moi reducidas e logo se esgotan.

\*Informase aos veciños que o novo telefono para solicitar permisos de queima é o:

012

## Certame de Cantares de Reices

\*Informase aos veciños que o vindeiro 2 de xaneiro de 2011 vaise celebrar como ven sendo tradicional o Certame de Cantares de Reices que este próximo ano chegará a súa sétima edición.

Todos os interesados pódense anotar nas oficinas do Concello antes do 27 de decembro de 2010.

Animádevos a participar neste Certame que está xa tan consolidado no panorama cultural de Galicia.

\*\*\*\*\*

## Cultura e Deportes

### \*Mes máxico.

Todo os sábados do mes de novembro ás 9 da noite haberá actuacións de maxia na Casa da Cultura.

- Sábado 6 actuación do **Mago Martín**.

- Sábado 13 actuación do **Mago Javier Muro** cun espectáculo de **maxia teatral**.

- Sábado 20 actuación do **Mago Dani**.

- Sábado 27 actuación conxunta dos **Magos Dani e Martín**.

A actuación do Mago Javier Muro está enmarcada no programa Letras Vivas mentres que o resto das actuacións enmárcanse na Rede Cultural da Deputación da Coruña.

Ven a pasalo ben nas noites de maxia en directo.

### \*XIMNASIA DE MANTEMENTO E ESCOLA DE TIRO CON ARCO

No mes de novembro, unha vez rematadas as obras do pavillón deportivo, dará comezo as actividades de Ximnasia de Mantemento e a Escola de Tiro con Arco en Boimorto. Os días e horario da Ximnasia son os luns e mércores de 21:00 a 22:00 horas, e o horario da Escola de Tiro con Arco é de 19:30 a 21:30 os venres. Os inscritos na Ximnasia serán avisados do comezo da actividade. Os interesados en participar na Escola de Tiro con Arco falar co Técnico Deportivo.

### \*2ª XORNADA E FASE FINAL DA LIGA GALEGA DE CLUBES DE TIRO CON ARCO

O sábado 13 de novembro terá lugar a 2ª Xornada da Liga Galega de Clubs de Tiro con Arco. O comezo da competición será ás 17:00 h e rematará entornando ás 19:30 h. Nesta xornada os equipos enfrontaranse ós outros equipos que ós que non se enfrontaron na pasada xornada.

Xa o sábado 20 de novembro terá lugar a fase final, na que os 8 clubs que acadaron maior número de vitorias competirán polo

campionato, mentres os outros 8 clubs tratarán de eludir a última posición da táboa. A competición dará comezo ás 17:00 h sendo a entrega de trofeos ás 19:30 h.  
\*\*\*\*\*

## Tempo de Lecer

\*Informamos aos pais que xa se poden efectuar os pagos das actividades e aboarse a cantidade oportuna nas oficinas do Concello.

Deberase pagar integramente os tres primeiros meses, xa que así o especifica a normativa pola que se rexen estas actividades. E dicir, neste período pagarase todo xunto o mes de outubro (medio mes), novembro e decembro (medio mes). En xaneiro pagaranse outros tres meses e o último pago será o de abril.

As modalidades de participación neste servizo son as seguintes:

- Asistencia os 5 días da semana:

\*2 horas de actividades a diario, transporte e merenda saudable.

\*Custe: 40€

- Asistencia 3 días á semana:

\*2 horas de actividades durante tres días á semana, transporte e

merenda saudable.

\*Custe: 25€

- Asistencia por horas:

\*Actividades soltas a escoller: batuka, informática, bádminton, patín e fútbol sala. Sen transporte nin merenda.

\*A hora de actividade semanal terá un custe de 2€ ao mes.  
\*\*\*\*\*

## Curso de Informática

\*Durante os vindeiros meses o Concello organizará un curso de Iniciación á informática no Centro de Dinamización de Liñeiro (Os Ánxeles).

Este curso esta enfocado a autónomos na actividade Agraria e/ou gandeira. Admitiranse dúas prazas para persoas en situación de desemprego

Haberá entre 15 ou 18 prazas e terá unha duración de 40 horas lectivas.

O horario e as datas de celebración decidiranse entre os participantes no curso, sempre tendo en conta que terá que rematar antes do 15 de decembro.

Inscricións na Casa do Concello antes do 10 de novembro de 2010.  
\*\*\*\*\*

### PROGRAMACIÓN TEMPO DE LECER 2010/2011 E HORARIO ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Secundaria	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Recreo comedor 14:40 a 15:25		Bádminton		Fútbol Sala	
1ª Hora 16:15 a 17:15	Reforzo	Reforzo			Reforzo
<b>Merenda</b>					
2ª Hora 17:30 a 18:30	Patín./ Informática	Fútbol Sala 17:15 a 18:30/ Teatro	Reforzo	Reforzo	Bádminton 17:15 a 18:30/ Informática

Primaria	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª Hora 16:15 a 17:15	Fútbol sala/ Batuka	Patín/ Teatro	Reforzo	Reforzo	Bádminton/ Informática
<b>Merenda</b>					
2ª Hora 17:30 a 18:30	Reforzo	Reforzo	Atletismo/ Informática	Fútbol sala/ Batuka	Reforzo